



Grupo Municipal  
RIBEIRA

**FRANCISCO AYASO BRETAL**, Concelleiro do grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante a Corporación Municipal en relación coa **situación do alumado público**.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Nos últimos días puidemos comprobar o estado de lamentable abandono no que se atopan as instalacións do alumado público en diferentes lugares do noso Concello. Non hai máis que dar unha volta pola Avd. de Ferrol, Avd. da Coruña ou a Rúa de Galicia entre outras, onde hai varias farolas que non teñen as tapas de rexistro das conexións, e están os cables ó alcance de calquera neno/a, podendo provocar un grave accidente. Tamén comprobamos que en Xarás, Sancortes, e no lugar de Sampedro en Palmeira os cuadros eléctricos atópanse sen porta, podéndose acceder a eles con facilidade. Na entrada ó porto da Ameixida, a conexión da acometida é unha verdadeira chapuza, pois á vista están os cables enroscados nun poste de formigón moi deteriorado, podendo provocar en calquera momento unha descarga eléctrica.

O 20 de febreiro do 2007 faleceu un mozo por unha descarga eléctrica que recibiu ó apoiarse nunha farola do alumado público, entre outras cousas o Grupo Municipal do BNG pediu que se adoptasen as medidas oportunas para que non volveran a suceder accidentes deste tipo.

Preocúpanos e parécenos gravísimo que desde o Gupo de Goberno non se tomara ningún tipo de medida, e que se lle permita á empresa que ten a concesión do alumado público ter as instalacións en tan lamentable situación co risco que isto supón para ter un accidente grave, ou mesmo provocando a morte.

Por todo isto o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

1. Que se arranxen urxentemente todas as deficiencias existentes no alumado público, e así evitar algún accidente.
2. Que, por parte do Grupo de Goberno se encargue un estudo da situación do alumado público en todo o Concello, e se informe a Corporación Municipal.

Ribeira, 16 de Outubro de 2008

Asdo.: Francisco Ayaso Bretal

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**